

1. INTRODUCCIÓN

Nesta publicación damos a coñecer a edición e estudo dun manuscrito inédito escrito en galego, que catalogamos dentro do período da historia do galego coñecido como do *galego medio* ou *Séculos Escuros*¹. Trátase dunha longa carta en verso de contra finais da década de 1760 a 1777, sen asinar e sen datar, conformada por unha peza que imos titular *Cincuenta décimas contra don Diego Zernadas*, coñecido este como o Cura de Fruíme. A censura contra o Cura focalízase nos *Petitorios* que este viña publicando dende 1745 co fin de recadar bens para o culto da Virxe das Dores de Fruíme, da que Zernadas era gran devoto. Polo que parece, o autor das décimas estaría ofendido pola crítica ou censura que o Cura lle debía ter feito nalgún deles.

Este libro sobre as *Cincuenta décimas* contén, en primeiro lugar, información sobre o texto manuscrito, séguelle unha edición case paleográfica do mesmo, e a esta o capítulo terceiro, no que damos claves para interpretar o seu contido, sobre todo referidas á traxectoria vital do Cura de Fruíme. Nos dous capítulos seguintes ofrecemos conxecturas sobre a súa datación e autoría e xa no sexto, analizamos os trazos gráficos, morfosintácticos e léxicos máis relevantes do manuscrito. Finalmente, co fin de poder chegar a un público non especificamente filolóxico, nun capítulo final presentamos outra edición máis das *Cincuenta décimas*, desta vez cun texto ortograficamente actualizado e con abondosas notas a pé de páxina, maioritariamente de tipo léxico, que facilitan o seu comprendemento.

A escaseza de textos en galego do século XVIII acrecentan a valía destas *Cincuenta décimas* satíricas e obrigan a matizar afirmacións sobre o anecdótico uso do galego escrito nesta

1 Este traballo insírese no marco do proxecto de investigación *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna. Catalogación, multiedición, glosario e estudo*, que se desenvolve no Instituto da Lingua Galega con financiamento do Ministerio de Economía y Competitividad (referencia FFI2013-47589-P) <<http://ilg.usc.es/gl/proxectos/gondomar-corpus-dixital-de-textos-galegos-da-idade-moderna-catalogacion-multiedicion>>.

altura. Á vista delas, semella máis ben que neste tempo existe unha escrita en galego, ben que moitos deses textos non chegan a se imprimir. E abofé que estas nosas décimas veñen a se xuntar á exhumación doutros textos setecentistas nas últimas décadas, como os tres poemas galegos do Cura de Fruíme editados por Pardo de Neyra (1999, 2002), o *Testamento do galo* dado a luz por Álvarez e Xove (2004), a nova edición dos versos “Ou mèn crego? Sei q’ qués” de Isla y Losada a cargo de Mariño Paz (2007), o texto de Otero Romero y Torres, *Historia da Santa Igrexa de Iria* en edición de Arias e Noia (2011), *O romance da Urca de Santo Antón* dado a coñecer por Mariño Paz e Suárez Vázquez (2012a) e, no mesmo ano, o texto de Luís de Losada, “Pranto galego pola morte de Luís I de España” (Mariño Paz / Suárez Vázquez 2012b), e “A carta en galego de Magdalena García de Ogando a Martín Sarmiento”, editada tamén por Mariño Paz (2014). Estas edicións veñen amecerse a outros textos do século XVIII en galego xa coñecidos de antes como o *Coloquio en mil duascenas coplas galegas* do Padre Sarmiento, as poesías galegas de Zernadas y Castro contidas parte delas nas súas *Obras completas*, ou os poemas ocasionais dos irmáns Feijoo y Montenegro, de Noguerol Camba e de Cornide, entre outros.

Non nos imos deter na descrición dos textos en galego pertencentes ao galego medio ou dos Séculos Escuros, pois existen traballos exhaustivos que xa o teñen feito. Pode consultarse para unha visión xeral dos textos literarios de toda esta época a obra de Baldomir Cabanas (2010). Especificamente, para os séculos XVI e XVII pode verse a relación de títulos ofrecida por Álvarez (2003) e para o século XVIII, as listaxes de Pardo de Neyra (2002: 120-123), completadas logo por Mariño Paz e Suárez Vázquez (2012a: 289-290). Na actualidade está en marcha o proxecto *Gondomar. Corpus dixital de textos galegos da Idade Moderna. Catalogación, multiedición, glosario e estudo*, que ten por obxecto reunir nun repositorio dixital a produción escrita en galego dos séculos XVI, XVII e XVIII².

2 Véxase en liña <<http://ilg.usc.es/gl/proxectos/gondomar-corpus-dixital-de-textos-galegos-da-idade-moderna-catalogacion-multiedicion>>.

En fin, o manuscrito das *Cincuenta décimas contra don Diego Zernadas* que agora damos a coñecer en dúas edicións diferentes, unha case paleográfica e outra anotada con actualizacións gráficas, cos seus 500 versos, máis os breves textos en prosa de entrada e de remate³, constitúe o segundo texto máis longo do século XVIII coñecido, logo das *Coplas* de Sarmiento. A súa extensión, a súa datación, a súa calidade literaria e o feito de estar escrito todo el en galego, ademais nun rexistro lingüístico coidado, todo iso converte as *Cincuenta décimas* nun texto de referencia obrigada na Historia da lingua e literatura galegas.

3 Realmente son 502 versos xa que a décima 49 contén 12 versos e non 10.